Soaserra: memoria dun século

Concello de Cabanas

Concello de Cabanas

Soaserra: memoria dun século



Soaserra: memoria dun século
Concello de Cabanas

Textos
Olga Romasanta, Rexenerando S. Coop.

Imaxes
Cedidas polas veciñas e veciños
que asistiron ao obradoiro

Deseño gráfico
Nadina Gráfica

Concellaría de Servizos Sociais
Cabanas, marzo do 2019

— Esta torre fai mil anos
que a fixeron os fenicios.

— Tamén hai algúns indicios
de que é obra dos romanos.

— Sodes na historia profanos
e en sentenciar moi lixeiros;
pois nin foron os primeiros
nin os segundos, aposto!

— Tíranos da duda, Agosto:
di, quen foron?

— Os canteiros!

Ante a Torre de Hércules
Francisco Añón

A todas as veciñas e veciños de Soaserra, donos da súa historia.
Para que sigan mantendo viva a chama da memoria,
lembrándonos quen somos.

Contidos

Que é «Soaserra: memoria dun século»? 9
Que vas atopar nesta publicación? 13
Contos de risa 15
A parroquia 19
Flora e fauna 23
As persoas 27
A escola 35
Os traballos 37
A emigración 43
Os conflitos e a guerra 45
A festa 53
Epílogo: o día da (nosa) festa 59

Que é «Soaserra: memoria dun século»?

«Soaserra: memoria dun século» foi un obradoiro desenvolvido no lugar de Xabariz, parroquia de Soaserra, entre outubro e decembro do 2018. Foi guiado por Olga Romasanta, de Rexenerando S. Coop., e impulsado pola Concellaría de Servizos Sociais do Concello de Cabanas.

Nel participaron dez veciñas e veciños da parroquia, que se xuntaron ao longo de seis sesións para reconstruír colectivamente o relato de cen anos de historia. Cen anos que ninguén das asistentes viviu, pero dos que coñecen historias, persoas e lugares como se os viran cos seus propios ollos. Porque «na guerra nacer non naceras, pero sabes dela como se estiveras polos contos que che contaron», compartía un dos veciños.

Entre os obxectivos deste programa está precisamente a recollida deste tesouro colectivo que son as lembranzas, transmitidas e compartidas nos rueiros, nas feiras, no monte, ou ao calor da lareira. Eses testemuños que fan de Soaserra un lugar conectado co mundo, e ao tempo un lugar singular.

O obradoiro busca ademais coidar da saúde dos nosos veciños e veciñas, ofrecendo un espazo para exercitar a memoria, e para compartir tempo con outras persoas, nun momento no que os tempos de encontro son ben menos que antes. «Hoxe xente non se xunta máis ca nun enterro», sentenciaba unha das veciñas na primeira sesión.

As persoas que nos acompañaron nesta pequena viaxe polo tempo foron:

Carmen Paz Anca, Xabariz.

Félix López Rodríguez, Xabariz.

Joaquín Rico Rodríguez, «Quinso», Os Lamas.

Josefa Moreira, Os Durás.

Manuel Arnoso Anca, Xabariz.

Maruja Otero Alonso, Os Durás.

Nieves Blanco Otero, Xabariz.

Ramona Rico Rodrígeuz, «Moncha», Os Lamas.

Ramona Seijo Martínez, Xabariz.

Rosa Rico Rodríguez, Os Lamas.

Un agradecemento especial merece Víctor Basoa e a súa familia, tamén veciña de Soaserra, quen facilitaron un espazo inmellorable para a celebración destas sesións.

Unha das sesións do obradoiro, con algunhas das participantes.

Que vas atopar nesta publicación?

Esta pequena publicación recolle parte do acontecido no obradoiro «Soaserra: memoria dun Século». Nela atoparás, ordenada polos principais temas que guiaron as nosas conversas, persoas, lugares, anécdotas ou historias que protagonizaron os últimos cen anos na parroquia. Trátase de historias que normalmente non saen nos libros de texto, pero que nos falan da realidade da maior parte da poboación, xente labrega e obreira.

Esta publicación non pretende ser unha recollida exhaustiva de toda a información do lugar: non están, nin moito menos, todos os episodios importantes dun século; e os datos non están contrastados historicamente. Son o resultado humilde de seis tardes de encontro entre algúns veciños e veciñas.

O que si pretende este libriño é ser unha chamada ao recordo. Que cando o leas, teñas a idade que teñas, se esperten as túas memorias, ou a túa curiosidade por saber máis deste lugar. Que subas ao faio, e remexas no baúl ou o caixón das fotografías. Que lembres o que che contaron, e preguntes polo

que non che contaron aínda. Que emprendas, coma nós, esta viaxe polo pasado para entender mellor o presente.

Contos de risa

No arranque deste obradoiro, presentámonos. O primeiro que din as veciñas e veciños de Soaserra de si mesmas é que foron xente humilde, labrega, que traballou moito e desde moi nena. Tamén xente rebelde, que nalgúns momentos da súa historia recente se opuxo aos poderes, e pagou o seu prezo por iso. Falan de vidas sacrificadas e sen luxos. Pero a pouco que rascamos, aparecen tamén a risa, porque «contos de risa pasaban. Traballar traballábase, pero tamén se ría un».

Lembrando contos de risa da infancia, Manolo de Díaz lembra o día que viu nunha feira unha besta rapada no pescozo. Aquela imaxe chamoulle a atención, e ao volver á casa, fíxolle o mesmo ao seu gato. «Quedou tan feo, que o quixen tirar ao río para que ninguén soubera o que fixera. Pero o gato saltou, agarróuseme das costas, e non o daba quitado». Así que ao final todo o mundo se enterou da súa trasnada. Moncha recorda uns calcetíns novos de raias que lle fixeran na casa. O día que os estreou chovía moito e mollou os pés; ao chegar á escola, cando os quitou para poñelos secar, tiñas os pés tinguidos a raias.

Manolo e Ramona comparten un conto moitas veces recordado no lugar. Un grupo de mozos estaba un día no

río, bañándose espidos como era costume. Poñían dinamita nel para pescar «fozóns». Cando estaban no medio da faena, chegou un home cunha escopeta, botou dous tiros ao aire, e berroulles. Do susto que colleron, marcharon cada un correndo espido pola súa parte. Algúns, coma o irmán de Ramona, chegaron até a aldea. Estando ela con outras compañeiras, oíu desde unha esquina «pst, achégate aquí pero non mires. Vai á casa e tráeme roupa».

Nas mallas pasaban cousas de risa, «facíanse moitas ghebachadas». Se estabas collendo a palla empurrábante, se eras cativa collíante como un brazado de leña, botábanse auga uns aos outros, bebíase caña,… «Iamos de moi boa gana desde cativos», lembran. «O que viña mallar era sempre a mesma persoa», lembra Moncha. «Desde a miña acordanza, veu Henrique sempre até que foi moi vello. Logo Antonio do Alto a Xabariz, Carlos de Marraxón, os de Mende, ou os de Ombre». Lembra especialmente a Henrique, un home miúdo que apuraba moito a traballar. «Cando acababa en cada casa ía comer, aínda que non traballara máis ca media hora. Bebía caña de cada vez, pero nunca se emborrachaba!».

Contos de borracheiras tamén se lembran uns cantos, coma o caso que comparte Josefa: «un día o do Igrexario papou unha borracheira fóra de marca. Chovía moito, pero deixárono onda o cabanete á choiva, e el nin se movía!».

Tamén indo mocear pasaban moitas cousas que causaban risa nos lugares. Mucha recorda a Manuela, a tía de súa nai, «moi traste e moi escachada». Nunha ocasión doulle cita a seis mozos para o mesmo día, para que foran ata a casa dela e

falar no puxigo, como era costume. Súa irmá, a tía Pepa, era a súa cómplice: «van vir preguntar uns mozos por min, pero eu vou estar en tal sitio, non lles digas onde vou». Chegou un dos mozos: «e non está Manuela?», preguntou. «Non», respondía Pepa. O mozo dispúxose a agardar. Chegou o segundo mozo, e repetiuse o mesmo proceso. O terceiro, o cuarto, ata que estivo o rabaño de mozos sentados ao pé da lareira a agardar pola moza. «Así que Pepa se encheu, díxolle, ide á merda vosoutros e máis ela, está pechada no cabazo». E como os cabazos eran de varas, foron os seis mozos cunha vara a aguilloala entre risas ata que saíu.

José María da Lousada pretendía a María do Tío Gerardo, pero ela non quería mocear con el, así que se facían «ghatadas». Un día José María foi á súa porta. «Vaite de aí José María, que xa che dixen que non te quero ver», dixo a moza. «Ir ireime, pero o burro quédache aí». «María non quería que o burro quedara aí que lle podía facer algún estrago aos veciños», lembra Mucha. «Pero ao día seguinte saíu pola porta e viu que o tal burro era a burra de serrar, non o animal, que lla deixara diante da porta por facer o chiste».

Os días de neve eran días de xogo e risa. A Josefa gustáballe moito cando nevaba, e lembra con cariño as «ghebachadas» do pai de Carballás. «Tirábanos neve, e logo ía esconderse á casa e pechaba a porta. Súa muller abríanola para que entraramos e lle botaramos neve nós a el tamén», lembra. «E logo iamos todos enghurruñados para o pé do lume, pingando». Envolver a neve, darlle voltas, e facer bolos con ela era un divertimento moi frecuente. Nieves e Mucha lembran un día cos seus homes nos que empurraron un bolo por un

prado e lles escapou rodando estrada abaixo. «Non se pasaba pola estrada, leváballe moito tempo desfacerse porque facía máis frío ca agora».

«Ghebacho» e «ghebachadas» son dúas palabras moi empregadas na parroquia, e que conectan con ducias de historias e persoas. Félix lembra outra máis, protagonizada polo Tío Manuel. Un día cazou un raposo e quitoulle a pelexa para vender. Escarranchou o animal, meteulle unha pedra na boca para lla manter aberta, e deixouno nun camiño. «Pobre do que se cruzara con el, semellante bicho, e sen traxe!».

A parroquia

Cabazo de María Antonia, co tellado de xestas.

A parroquia de Soaserra comparte moitas cousas con outros lugares de España ou Galicia, pero sobre todo con outras aldeas e parroquias da zona do Eume, como A Capela, As Pontes ou Monfero, marcadas polo río e as fragas, e habitadas desde tempos inmemoriais . Así nolo fan saber os castros identificados no lugar, coma o Castro de Cerdeiras ou o Castro de Xabariz.

Soaserra, como o seu nome indica, está «debaixo da serra». O río e a fraga marcan boa parte dos recordos das nosas participantes. Lembran botar moitas horas dentro da fraga, apañando as castañas, o loureiro, o toxo, facendo carbón. Pasar o río dun lado para outro para ir ás romarías da redonda, como á de Cela. Antes de facer o pantano, no tempo do verán case non levaba auga, e cando estaban enchéndoo, ía en seco. «Iamos ás castañas e onde hoxe está o río non había máis ca pozas. Recordo unha vez que comeramos sentados nas pedras do río», lembra Nieves. Outras veces pasaban o río en lanchuco ou pola ponte. Josefa lembra o medo que pasou nunha ocasión.

Ao falar das Fragas, logo aparece o mosteiro de Caaveiro, coma un lugar vinculado coa tortura no imaxinario popular. Nieves cóntanos a primeira vez que foi a Caaveiro, con sete anos, acompañada da mestra e un veciño do lugar, o Tío Constantino. «Vouvos levar onde traballaba a Santa Inquisición», dixo Constantino. «E alí vimos un asento no que cabía unha persoa xusta, aínda se movía a pedra que se lle colocaba por de diante, e á persoa caíalle unha gota de aceite e outra de auga na cabeza». Esta imaxe está presente nas cabezas de todos e todas as participantes, que lamentan que hoxe o sitio non figure como tal e esta historia estea máis oculta. «O guía de Caaveiro explica onde facían o viño, pero non conta nada da Inquisición», di Quinso.

Falando da Insquisición, Moncha tráenos unha historia enigmática que contaba na súa casa Diego Rodríguez, marido de Juana Martínez, padriño de súa nai. «Na casa na que vivía había dúas mozas, tías del, unha chamábase Encarnación e

outra Esperanza. Un día viñeron de noite, o Santo Oficio, tocando a campaíña. 'Quen é?', preguntaron, 'La Santa Inquisición'. Querían levar ás mozas de criadas dos curas; elas negáronse, pero leváronas igual e nunca máis se volveu saber delas. E no seu recordo que o padriño lle chamou a nosa nai Esperanza». Verídicos ou non, o certo é que a Inquisición e o Santo Oficio están moi presente na memoria dos veciños e veciñas do lugar.

A parroquia cambiou moito. Máis do que a arquitectura, o primeiro que destacan as veciñas e veciños do lugar é que antes había moita xente, «once persoas se cadra nunha casa, imaxina!». Onde hoxe vemos prados baleiros ou montes de eucalipto, elas poden ver aínda as cabezas de xente rebulir. «Onde a lomba víase o río», sinala Moncha, «agora só se ven eucaliptos». Describen prados baixos, con animais e xente traballando, con terra arada.

Flora e fauna

Soaserra e todas as terras do Eume son lugares ricos en flora en fauna. Falamos dos felgos ou fentos, e máis en concreto dos fentos do botón, unha especie moi antiga que medra á beira do río e non existe noutros lugares. Especial é tamén o bosque de loureiros e avelaneiras, no que tantas horas botaron. «Cada vez queda menos nas Fragas, non se renova nada. Antes traballábase, limpábase, e abrollaba todo de novo», lembran.

Sobre as plantas e flores, lembran sobre todo que as que había cheiraban moito máis ca agora. «Cando rociaba polas mañás todo ulía a cadrifollo ou madreselva», lembra Rosa cun sorriso. A Fraga en outono era moito máis bonita, recordan, porque non había eucalipto nin piñeiro e todo o bosque cambiaba de cores.

> «Cando rociaba polas mañás todo ulía a cadrifollo ou madreselva»

No que respecta aos animais, falamos das píntegas e as salamántigas, algunhas delas en perigo de extinción. «Antes

había moitas entre os nabos, había que ir polo medio a escollelas, apartándoas coa fouciña». Había tamén moitos sapos e ras. Lembran o son das ras croando como algo moi característico da súa mocidade, e que agora xa non se sente. «Na primavera este ano houbo dous días que se oían as ras na veiga porque chovera moito», comenta Rosa, «e recordei os tempos de antes».

Con morriña lembran tamén os paxaros, e as máis en concreto as pegas. «Aínda se ve algunha cando veñen os chícharos, pero nada que ver». O carrizo, o pimpín, o verderol, a lavandeira, os gorrións,… Lembran todas as especies e os seus chíos. «O único que hai agora máis son gaivotas», lamenta Moncha. Mención a parte merece o cuco, un paxaro tan querido como difícil de oír. Nieves sentiuno este ano, pero o resto de participantes asegura que hai anos que non o oe. «Os vellos antes, se tiñan un catarro ou unha cousa así, dicían 'eu non sei se volverei oír o cuco, eu non sei se volverei oír o cuco'».

A pesar de todos os topónimos que o conteñen nesta zona, indican que lobos non había, polo menos nos seus tempos. «Cando fixeron o pantano foise o xabaril, e pasaron anos sen se ver ata que os volveron botar», lembran. As perdices criaban moito e víanse con moita frecuencia.

Non había lobos, pero si outros animais aos que temer como as denociñas. Nieves comparte un día que estaba no souto que daba co río apañando castañas, e viu un bicho que tiña algo encarnado: «subín correndo e deixei as castañas atrás. Cando llo contei a meu pai, díxome que era unha marta. Volvemos

ao souto e vímola, e díxome, ‘ves, que ten un colar branco por aquí? Isto é unha marta, non che fai mal’».

Soaserra ten cousas en común con moitos outros lugares. Pero ten cousas que só ten Soaserra.

Retrato de Nieves e a súa familia, un día de festa.

As persoas

E unha delas, son as persoas que nela viviron, e protagonizaron os contos que se contan xeración tras xeración.

Son moitos os nomes que veñen á cabeza das veciñas e veciños. Irmáns e irmás, pais, nais, tíos emigrados que nunca se chegaron a coñecer. Acudimos aos retratos para falar deles, e observar como cambiaron os tempos, as modas, os corpos. Moncha e Rosa comparten a fotografía de súa nai con 20 anos. «O vestido fixérao ela, como se facía sempre naqueles tempos. Era moderno, ben podería ser de agora!».

Había veciños que tiñan unha máquina, como José María o marido de Maruja ou Alfonso, e retrataban a aldea. Algúns deles chegaban a montar negocio, coma o fotógrafo de Pontedeume, que quitou case todas as fotos antigas da vila que se coñecen. Lembran que viñan polas aldeas e colocaban unha tea que servira de fondo, poñían un trapo negro por riba da cabeza, e quitaban a foto. Os retratos son un tesouro valioso que se garda xeración tras xeración. «Agora quítanse moitas fotos, pero non se imprimen e non teñen o valor que tiñan antes», afirma unha das veciñas.

Retrato de Esperanza,
nai de Quinso, Moncha e Rosa.

E era igual ser home que muller?, preguntámonos. Para moitas cousas aquí si o era, e para outras non. «Se eras nena e che morría alguén, poñíanche o loito seis meses», lembra Nieves. «Aos nenos non. Poñíanlle un botón negro ou unha cinta na manga». Fiar fiaban as mulleres, «había que facer o de dentro e mailo de fóra: arar, sachar, carretar lotes de leña e toxo, chamar as vacas, encargarse dos cativos,…», algo que segundo comentan non acontece en todos os lugares. Comenta Mucha que o seu home foi unha vez a Castela, e «chamoulle a atención que alí as mulleres non ían ao campo a nada. Encargábanse dos labores, da casa, das comidas, zurcían e calcetaban,… As casas estaban todas xuntas nunha piñotada, e cando remataban o traballo, xuntábanse a contar contos. Os homes erguíanse a iso das 4 da mañá».

«As mulleres tiñamos que facer o de dentro e mailo de fóra»

«Aquí abusamos do noso corpo e da nosa forza», prosegue. «O que podían levantar dúas persoas, con doce anos dábao levado eu na cabeza, fora o que fora». Lembra que cando seu pai estaba na Bazán, tiñan que ir buscar a ración tres veces ao mes. Unha delas era especialmente grande, e cando súa nai non podía, ía ela. «Tería 14 anos. Axudábanme a erguer o macuto na lancha en Perlio, e despois subía andando con el na cabeza. Viña mirando onde habería un sitio onde poder pousalo á altura da cabeza, pero como non había ningún chegaba ata Xabariz».

Mulleres fortes, as de Soaserra.

Muller segando

Falamos tamén de persoas singulares, veciñas e veciños queridos, diferentes, que marcaron nalgún sentido os cen anos de vida da parroquia. E o primeiro nome que sae é o de **Román da Tecelana**, que vivía poucas casas máis abaixo de onde celebramos o obradoiro. Román era un home peculiar. Botaba moito tempo na Fraga; apañaba raíces que gardaba no cabazo de Ramona, e que logo viña un coche da farmacia recoller. Falaba só, e sempre andaba absorto coas súas propias historias. «Un día vímolo a través da fiestra paseando por dentro da casa co paraugas aberto e unha moza polo gancho. A moza era unha vara de loureiro coa que ía en conversación», lembra Ramona. Román é recordado con cariño; «sempre saudaba cando te cruzabas con el polo camiño, e sabía a quen saudaba. 'Buenos días, Nieves', e logo seguía coa súa leria». «Sabía de política e de canto había, tiña moitas manías pero non era nada tonto», engaden.

Retrato de catro veciños: Rosendo, Lorenzo, Paciano e Celestino.

Pero Román falaba só desde que o levaran para matalo, nos tempos da posguerra. Un día que saíra coas ovellas, sendo mociño, a Guardia Civil viuno falar cos seus veciños fuxidos no prado. Cando marchaba, presentáronse os Guardias e preguntáronlle se vira aos escapados; el negouno, e como sabían que non era certo, levárono para matalo ao cemiterio civil. Cando estaba xa no paredón, apareceu o Tío Gerardo, padriño seu e miliciano, e quitouno da morte. «Foi desde aquela que non quedou ben», comentan os veciños.

Lembran tamén ao **Cuturro**, outro veciño singular que vendeu a súa casa e foi vivir para un cabanón no medio da Fraga coa súa filla. Estivera emigrado en Cuba e gustáballe a cascarilla. Un día mandoulle facela á muller, pero ela como nunca a vira, coceuna, púxoa nun prato, e tirou a auga. «Aí tes a cascarilla», dixo ela. «Cascarilla nun prato, Francisca?», contestou el. Lembran o conto con risa.

Logo foi xa para a Fraga. Maruja recorda que seu avó se dedicaba a vender peles de animais coma os martuxos, furaños, raposos ou xinetas. «Collíaos todo pola beira do río, quitáballe a pel, colgábaa nun caneirado a secar, e ía vendela ás Pontes», lembra Maruja. «Dalgunha vez, ao día seguinte de o cazar, aparecía o Cuturro co bicho agarrado polo lombo, enteiro, e comendo nel. Cocía os furaños enteiros e non lles quitaba nada». Félix recorda un día no que este veciño coceu un raposo, pero como estaba demasiado duro dóullelo ás pitas. «Antes comíavos a vós, agora comédeo a el», disque dicía. A súa filla morreu de parto na Fraga. «Antes había moita xente polo bosque, non tiñan medo ningún de vivir aí, pero o médico alá non chegaba», lembra Quinso.

Outro personaxe curioso que habitou os montes do Eume foi **Xoaquín da Fraga**, tamén coñecido como Xoaquín das Herbas. Xoaquín era canteiro, «coñecíaselle que viña de Pontevedra polo sotaque», parece ser. Chegou a estas terras antes da guerra, e botou gran parte da súa vida vivindo nas Fragas. Quinso lembra que tiña boa relación coa súa avoa, que lle deixara roupa para se vestir. «Pero a roupa pouco lle duraba. Desfacíaa toda en farrapos, e atábaa ás pernas». Comía o que atopaba nos bosques, «algunha vez roubando mazás. O avó de Félix tiña unha caseta na Fraga onde gardaba as mazás, e viuno nunha ocasión metendo unha vara polo ventanuco para coller pezas de froita». Con todo, non o lembran como unha persoa perigosa ou á que a veciñanza lle quixera mal. A súa foto, reproducida aquí, pode verse hoxe na taberna de Pepe nas Neves.

Nesta parte da conversa son menos os nomes de mulleres que aparecen, aínda que si merece mención **Helena A Parranda**, nai do Parrando, o gaiteiro de Laraxe. Era unha muller que vendía polas aldeas, chamada así por ser moi festeira e rachada. Viñan ela e súa nora, «cun fardo de teas e roupa interior debaixo do brazo, e unha cesta na cabeza con chocolate, azucre, e así», lembra Rosa.

Retrato de Xoaquín da Fraga



Toaserra 25 de Mayo de 1961

LA ANCIACIÓN

Durante la dominación romana, vian en las montaños de Judea el cerdote Zacarías y su esposa Isabel, scendientes de Leví, ambos de edad avan-da y que no habían tenido hijos. Un án-se apareció a Zacarías y le anunció que esposa sería madre de un niño; lo du-el buen sacerdote. Y (Dios) quedo mudo sta el cumplimiento de la profecía.

San Juan Bautista fué el hijo que ángel prometió a Zacarías e Isabel.

Ramona Rico

Toaserra 29 de Mayo de 1961

LOS ÁRBOLES

Ahí teneis un árbol arancado del suelo, para poderlo estudiar mejor. Todos los árboles tienen raices, que los afirman en la tierra y extraen de ella las substan-cias de que los vegetales se nutren; tienen tronco y ramas.

En estas nacen las hojas y las flores, tras de las cuales (vendrán) vendran los frutos.

Si damos un corte transversal al tronco de un

Interior dun caderno de escola

A escola

Entre os personaxes recordados, aparecen con frecuencia os mestres e mestras, coma **Margarita García**. Moncha cóntanos que aprendeu máis aínda co seu home, **Manuel Cabanas**, que a substituía cando estaba enferma. «El era fillo de solteira e criárase alindando vacas, dábase conta do que era non ter medios para poder estudiar. Aprendeu o que sabía no servizo militar, pero sabía moito de matemáticas e tiña moito interese en que aprenderamos», recorda. «Sabía que me gustaba ler e sempre que me vía por aí coas vacas ofrecíame levar un libro á casa. Tiña moita paciencia. Cun neno que se chamaba Pepiño e non sabía falar ben, sentábase moitas horas para ensinarlle a pronunciar». Manuel Cabanas foi despois concelleiro no Concello, «e promotor de abrir os camiños á serra».

Non todas as historias de mestres e mestras son positivas. Outra era coñecida como a «vella tola», e en Lavandeira «tivemos outra que non ensinaba nada», prosegue Moncha. «O local da escola era pobre, entraba auga e facía unha poza no chan. Todos tiveramos que poñer algo para mercar un saco de carbón, pero o braseiro sempre o tiña ela debaixo da mesa. Acórdome que tiña uns botíns amarelos todos queimados de arrimar os pés!».

«Houbo quen foi máis ás clases e quen non puido ir tanto, había moito que traballar»

Os tempos na escola foron desiguais entre os veciños e veciñas asistentes. «Houbo quen foi máis ás clases e quen non puido ir tanto, había moito que traballar», lembran. Todos e todas recordan os manuscritos. «O primeiro e o segundo íanse lendo, pero o terceiro xa se me facía moito», lembra Josefa. O terceiro destes volumes estaba escrito a pluma, e era máis difícil de entender. Recordan tamén o «Rayas 1º», libros para practicar a lectura que ían pasando de man en man. Josefa lembra que o seu libro favorito era a Enciclopedia 2ª, onde aparecía a historia de Rómulo e Remo. «Era o conto de dous nenos que criara unha loba, encantábame».

Para escribir tiñan unha pizarra, onde facían as contas. As quintas máis novas empregaron o lapis e mesmo o bolígrafo, pero antes o que había era só a pluma para mollar no tinteiro. «E non lle cargaras moito que a desfacías!», lembra Nieves.

Pero os cativos e cativas non só aprendían na escola, se non tamén nas casas, entre a xente moza e a vella. Historias certas e outras inventadas, para dar lecciónns ou amedrentar. «A min o do Vello do Saco dábame moito medo», relata Nieves, «era falar del, e patas, para que te quiero!». Lembran tamén un personaxe que andaba quitando sangue aos nenos e nenas. Recorda Rosa un día que «iamos para Xabariz polo medio dos montes, e vimos un home que estendeu a man para adiante. Demos volta correndo, pero era só o Tío Juan que ía aos Durás».

Os traballos

Ramón Rico cavando no monte no 1942.

Falando dos traballos, tomamos consciencia do moito que mudou o mundo. «Viviamos co que daba a terra, traballando todo a man». Había que arar, gradar, entravesar. Cavar no monte, apañar loureiro, pisar o toxo. Facer pilas e foias e queimalas. Poñer as canutas para sementar os nabos, e tantas tarefas máis. «Cartos había se vendías un becerro, do resto

pouco había e pouco facía falta», recordan. Non había apenas gastos, a luz –cando veu– e as zocas, e pouco máis.

«Viviamos co que daba a terra, traballando todo a man»

Traballábase moi duro, e parece que nesta zona especialmente. A Josefa, que é de Cabalar, chamoulle a atención ao vir para aquí que antes de almorzar xa ían buscar un lote de leña e estrume ao monte. «Un día fun con miña sogra buscar unhas torgas para cocer para o patrón. Ela púxome o meu brazal ao lombo, pero o seu era aínda máis grande. Deitábase no chan, subíao, e levantábase con el. Era unha muller moi forte». «Neste lugar todo se facía ao lombo, traballabamos nós máis que as vacas». Lembran con risa un día que Faeira levou as vacas pacer ao monte, e trouxo un lote de estrume no lombo e as súas dúas vacas andando tan tranquilas detrás.

«E o peor aínda era cando che gastaban algunha broma», lembra Rosa. «Acordo unha vez que fomos á herba. Subimos un feixe, e mentres iamos polo outro, dous veciños metéronnos unha pedra no medio del sen que nos deramos conta. Logo fomos cargando con todo ese peso ata a casa!».

Algúns deses traballos facíaos xente especializada, como a malla. Cada sitio tiño o seu mallador de escolleita, que sempre era o mesmo. Nieves lembra a chea de aparellos que traían: «viñan coa máquina, que lle había que encher o motor de auga, o couso de palla para pór de riba, a trilladora, a limpadora,… E o resto tiñamos que ir dándolle para limpar

o gran». Hoxe xa se malla nas leiras, pero engaden que «se se tivera que facer dese xeito, xa non habería xente para tanta historia». Son moitas menos persoas, e os traballos en colectivo moito menos frecuentes tamén.

Entre os traballos peculiares, fala Félix de quitar a casca do carballo, e móstranos unhas fotos recentes nas que recrearon este oficio el e máis Pedro, outro dos veciños, para o Museo Etnográfico da Capela. «Metíaselle un pau e petabas coa macica», lembra. E unha vez que a casca estaba separaba, vendíase para curtir as peles na curtidoría de Pontedeume. «Cando eu comecei a traballar nisto xa a curtidoría pechara, pero viñan camións pola casca para outros lados».

Félix e Pedro recordando como quitaban cortiza.

Outro oficio que non todo o mundo tiña era tecer. Lembran á nai de Román, a Tecelana, que facía colchas. E a María da Lagoa, a quen «lle levabas novelos de trapos e facía as colchas con iso», recorda Maruja. As sabas eran de lenzo, remendábanse moito, e cando xa non daban para máis, facíanse estes trapos con ela. Ao principio picaban porque botaban cachiños de carabulla, «era como se te deitaras no toxo», lembra Nieves.

A fía da lá e do liño son traballos ben recordados. «O liño érache moi traballoso», di Nieves. «Quitábaslle a graíña cunha peineta, botaba nove días en auga en lotiños, logo a secar nun prado, logo macicabas cun mazote, e logo aínda a fiar». Estaba sementado na Fonte Vella ou no Acivreiro. Tamén falan da lá, e das fías nas que se xuntaba a xente, nas que «tocaban o acordeón e bailaban, comían chocolate, … Xuntábanse os mozos e mozas e alí ían». Lembran ás máis vellas do lugar fiando: «miña avoa ía fiar á casa dos de Cuarto, con outra xente vella, que eran os que sabían», lembra Maruja.

Tamén había xente que sabía de remedios, coma José Sardiña, o «Ghataghata», curandeiro de Cabanas, ou a Tía Esperanza, nai de Manolo, que sabía de plantas e ungüentos, e ten curado as feridas de máis dun veciño. Algúns destes saberes sobreviven entre a veciñanza, coma o de que a casca do sangriño en auga é boa para as queimaduras. Nos partos axudaban as mulleres máis vellas, as que tiveran moitos fillos e se daban algo de maña, como a Tía Luísa ou a Tía Juanita dos Durás.

Falan dos contos dos partos, de casos que foron especialmente complicados coma o de José, o irmán de Nieves, e dos

coidados que se lle daban despois ás paridas. «Tomaban cousas con substancia, chocolate e caldo de galiña», recorda Ramona. «Aquí houbo unha muller que cando pariu o home fíxolle caldo, pero a graxa íaa bebendo el. A muller berráballe desde o cuarto 'Francisco, súbeme o caldiño!', 'agora, muller, agora', pero vendo aquela auga chirla dicíalle 'pero non me traes máis que auga'». Tempos de fame.

Ademais das vendedoras ambulantes como A Parranda, viñan tamén as peixeiras desde Pontedeume cos paxes na cabeza, cargadas cando subían, e máis aínda cando baixaban. «Como non había cartos, cambiábase o peixe por maínzo, trigo ou patacas».

Indo ás patacas.

Cestas e zocas facía moita xente. Nieves lembra a seu padriño, que lle fixera unhas zocas tan pesadas que lle facían sangrar os nocelos. «Heiche facer unhas zocas ben xeitosas, dixérame, e fixérame outras delgadiñas e ben feitas. Pero con dous pasos que dei con elas unha xa me rompeu!». O zoqueiro que viña facer as zocas polas casas era de Momán, pero outros veciños se ían dando maña, coma o pai de Moncha ou o pai do Rubio.

E músicos? «Músicos por aquí non che habían», din a coro. «Home, Higinio tocaba o acordeón, pero tíñache que dicir que canción estaba tocando, porque polo son non lla coñecías. Este é á misa, esta á Carolina», lembran entre risas.

A emigración

Non todo o mundo traballou aquí; houbo moita xente que tivo que marchar fóra buscar o sustento. Lembramos á xente que emigrou, coma Manolo, o irmán de Ramona, que foi a Brasil e a Montevideo. «Para ir dun sitio ao outro tivo que vender a roupa toda e a maleta. Un de alí púxoos en contacto a el e a Daniel dos Sardiñas, que foran xuntos, co que pasaba xente, pero non podían levar peso ningún». Segue relatando os avatares da viaxe como se os vira: «tiñan que pasar por unha fraga na que había moita auga, a pé. O furgoneto, unha catraca bella, facíalles luces aló máis para arriba. Esperounos e levounos a Montevideo, cos trapos que levaban enriba. Un matrimonio doulles acubillo e roupa, e cos primeiros cartos que gañou Daniel, mercou roupa para os dous.

O irmán do pai de Nieves foron a Cuba e Bos Aires, e fixo fortuna: «polo patrón viña vestido de branco e con zapatos brancos». Outros correron peor sorte, coma o pai de Josefa: «foi a Cuba a nada. Dixo que para facer carbón, xa o facía en Cabalar. Non lle gustou aquilo e ao pouco volveu». Lembra verlle o baúl que traia, e dentro del unha «pajilla» (sombreiro de palla) e unha foto «moi guapo, cun bigote grande que nunca lle vin».

Marchaban en barco desde Vigo e comunicábanse cando podían por carta, que era o único medio que había. Mantíñanse as relacións coa terra de orixe, e facíanse lazos novos. Quinso, Moncha e Rosa compártennos un poema que lle fixo un bo amigo do pai na emigración, velaquí algúns dos versos relatando a historia das súas vidas:

Acórdome de ti Ramón
de cando ibas a escola
souperas ou non souperas
ós doce anos para fora.
E o que quería aprender
había que ir a escola salta pega.

O labrego era pequeno,
e moitas bocas na casa
houbo que saír de obreiro
para traer xornal a casa.
A veces coller molido
e outras apañar patacas…
Despois empezaron a vía
xa se ganaba un pesiño
A veces xa se cambiaba a auga
por un pouquiño de viño.
(…)

Os conflitos e a Guerra

Adentrámonos nun tema doloroso, que as veciñas e veciños de Soaserra comparten con xenerosidade. A posguerra foi un tempo moi duro nas Fragas, agocho de moitos fuxidos, e onde moita xente foi represaliada polas súas ideas. Xa antes dos tempos da Guerra houbera conflitos coa autoridade na parroquia, e o máis importante foi quizais o relacionado co protestantismo. Quinso preparar na casa unha redacción explicando estes feitos, que reproducimos enteira a continuación polo seu interese histórico:

> *Ano 1928*
>
> *Naquela época todos os feligreses tiñan que levar a oblata ao cura, pero aquí en Xabariz había algúns que non o facían, entonces o cura dixo un domingo na misa, «pobres mulleres que os seus homes non lles deixan cumprir coa oblata». Entón, Domingo Martís contestoulle «o que queira que o traballe, amigo». «A ver como contesta vostede diante dos tribunais» (díxolle o cura). Díxolle Domingo: «o mesmo que aquí».*
>
> *Entón o cura denunciouno, Domingo tivo que buscar un avogado que lle dixo que tiña que dimitir da Igrexa*

Católica. Entón Domingo que ía moito con leña a Ares e alí había protestantes, entón alá van, Domingo Martís, Constantino López e Joaquín Rodríguez.

Alí encontráronse cun pastor evanxélico que se chamaba Don Arturo Ginins, e veu ata aquí a predicar o evanxeo e agregáronse outras cantas familias.

No ano 1929 inaugurouse a primeira capela evanxélica na palleira de Constatino López. Despois viñeron os contratempos: cando morría unha persoa non a deixaban enterrar no cemiterio católico, e aquí non había cemiterio civil. A primeira señora que morreu houbo que enterrala nun monte na beira do río, sen levar acompañantes, só Don Arturo e máis os levadores.

A segunda foi a miña avoa no ano 38, e houbo que ir ao gobernador, e deu permiso para enterrala de murallas a dentro, pero sen ser no cemiterio. Os que morreron despois houbo que ir enterralos ao cemiterio civil da Capela, ata que se fixo o cemiterio evanxélico na serra.

Esta é unha historia que atravesa a boa parte dos veciños e veciñas que participan no obradoiro, e dá que dan conta de numerosos detalles. Constantino López Sardiña, o Zacoto, avó de Félix, recibía un periódico na casa e lera no Boletín do Estado que se abolía a oblata. Ese foi o inicio das protestas que relata a redacción. Foi na súa casa onde se reuniron por primeira vez, tamén mulleres como a Tía Esperanza, nai de Manolo. Recordan como coa Guerra Civil os evanxelistas foron represaliados, pechando a capela, que non volveu abrir

até o seu remate. Moitos anos despois construiríase a nova que hoxe segue en funcionamento.

Din as e os participantes que cando estalou a Guerra Civil, pouco se podía imaxinar do que ía acontecer. Os primeiros días oíanse rumores e ruídos de canón. «Vámonos, que aí veñen as trilladoras!», lembran que repetía unha das veciñas. Moitas mulleres e nenos marcharon desconcertadas á Fraga, levando un bolo de pan; outras, coma o avó de Quinso, Moncha e Rosa quedaron na aldea para ver o que pasaba. **Joaquín Rodríguez**, home de Herminia, cruzouse coa xente cando volvían do monte, e recórdase que lles dixo «eh, ao mellor cando faga falta non habemos escapar». E así foi: pouco tempo despois, veu por el a Guardia Civil, levouno xunto con outras persoas ao cemiterio de Grandal, e todas escaparon menos el, que foi fusilado alí mesmo.

Un dos primeiros nomes que sae ao falar dos tempos da posguerra é o dunha muller, a **Pancha** de Mugardos. Era muller do Pancho, último escapado ao que mataron en Ombre. Vivía nas Casas Sindicais cando Moncha, que traballaba nunha tenda, a coñeceu. «Era unha muller moi faladora. Gustáballe moito ganchillar, e contoume que aprendera no cárcere», recorda. «Un día preguntoume de onde era, e ao dicirlle eu Soaserra, dixo «ai, eu coñézoche Soaserra como a palma da man. Canto teño eu andado, coñecía os camiños de noite, non me enganaba no primeiro». E aí relatoulle parte das súas historias de fuxida. Aínda que a cova na que se agochaban estaba á par do río, viñan lavar a roupa á Fonte de Xabariz: en canto os homes pedían polas casas, elas lavaban nas noites de luar. O motivo de non

lavar onde se agochaban era que non ulira a zona a xabón, e facilitar ser descubertas. «E ás veces aínda encontrabamos algunha escamiña de xabón alí na fonte», dicía.

A noite que Moncha naceu, un grupo de persoas foron á súa casa e pedíronlle a seu pai que lle vendera todo o carbón que tiña. El negouse, alegando que se o carbón desaparecía dun día para outro a veciñanza ía sospeitar, e ofreceulle que levaran un par de sacos. Colocáronllelos en bandolera ás mulleres que esperaban na porta, «e segundo me contou Pancha, é probable que unha delas fora ela», conta Moncha. Pedíronlle tamén que fixera de enlace e lles trouxera víveres de Mugardos, onde tiñan unha chabola debaixo da estrada.

Certamente, máis que a propia Guerra, o que marcou os montes do Eume foi a Posguerra. As Fragas foron un agocho usado durante décadas polos fuxidos, e lugares como Xabariz ou Regoela tiveron en moitas das casas algún membro escapado e/ou represaliado. Ao comezo, moitos dos fuxidos ían de día acompañar os labores das súas casas, e de noite á Fraga. Esta situación mudou co paso dos meses, pasando a ser moito máis perseguidos. A Guardia Civil asentouse na zona; mantivo vixilancia permanente en Xabariz, e fixo visitas constantes ás casas con xente fuxida. Levantaban todas as noites aos das casas onde había persoas no monte, coma na casa dos de Menor, na que eran moitos cativos e se criaron con esa situación cada día. Na casa de Carmen Martínez, irmá de **Ramiro do Campo**, a Guardia Civil ía cada noite mirar o touciño que tiñan colgado na cociña, para ver se lle faltaba algo que lle puideran ter dado ao fillo.

Moitas familias foron desterradas a León, como a nai da propia Carmen, Manuela Rodríguez, José Anca, ou José Antonio Piñeiro dos de Menor.

Houbo veciños que se entregaron ao rematar a guerra e foron enviados presos ao castelo de San Felipe, como foi o caso de Floro e Celestino. Logo saíron e estiveron coma outros veciños máis, pero nalgunhas ocasións os conflitos continuaron. Cóntanos Quinso xustamente o caso de **Florentino Otero**, Floro, e **Francisco Seijo Meizoso**, Paco. Unha noite, chamáronos e puxéronlle unha cita en Xabariz de noite á que non podían faltar. «Non sabían se era a Guardia Civil ou os escapados, e aqueles días coa presión xa logo non comían», relata Quinso. Chegaron a un acordo: levarían cadanseu coitelo agochado na manga, e cravaríanllo á persoa que os levara se os intentaban deter. Cando se atoparon cos homes que os citaran, estes pedíronlles que os levaran ao río para atoparse con outra cuadrilla. «Comezaron a baixar polos campeiros, pero nun punto, Paco, que ía diante, negouse a seguir. 'Aí tedes o camiño que vos leva ao río, nós non seguimos máis'. O que ía detrás colleuno, e Floro meteulle o coitelo como trataran, pero colleulle a correaxe. Disparáronlle e metéronlle un tiro na perna. Logo levaron a Paco ao cárcere a Ferrol, e a Floro ao hospital, onde por casualidade lle fixo garda Pedro, un veciño de Xabariz que estaba no servizo. Metíanlle agresión á Orde Pública, aínda que eles dixeran que non sabían quen era porque ían de paisano. A Paco mandárono facer traballos forzados a Ourense, e logo Floro foi ao cárcere máis tempo aínda ca el, á zona de Cantabria. Casou con Divina dos de Menor estando preso».

Ramona cóntanos a historia de Ramiro do Campo, seu curmán. Era outro dos fuxidos da serra. Un día saíu da Fraga e estaba conversando con Román, que andaba coas ovellas en Redondo. Alí descubrírono, collérono, e levárono ao cuartel das Neves, onde «lle deron paus ata case matalo». Rematárono nunha camposa no alto da serra, e logo foron facerlle a autopsia á caseta que está dentro do cemiterio de Soaserra.

A relación dos fuxidos co resto de veciños e veciñas era moi frecuente, como demostra esta e outras historias que Ramona nos comparte. «Moitas veces eu estaba no monte coas vacas e achegábanse a falar ou traerme lambonadas das que lles daban nas casas», relata. Outras historias dan conta desta mesma realidade: un día Esperanza Rodríguez, nai de Moncha, Rosa e Quinso, viu unha sombra na porta do muíño. «Non teñas medo, que non che fago mal», díxolle. «A un veciño non se lle debe ter medo», respondeu Esperanza. Era **Ramiro Carbón**, fuxido, que a avisou de que esa noite iría cear e lle pediu que lle cociñara papas de salvado porque padecía do estómago. Así o fixo Esperanza. Chegaron Ramiro e máis un dos de Vilar, de Regoela. «Ramiro non dou comido as papas de salvado que pedira porque iso non sabía a nada, e nosa nai tivo que facerlle outras de fariña sen peneirar», contan. «Non che debía facer ningunhas!», contestáralle con sorna o compañeiro.

Maruja do Pazo estaba un día na herba, e os fuxidos fóranlle axudar a levantar o paxe. Logo volveu á casa, onde se reunían varios veciños, e díxolles «ai hoxe vin uns moi bos mozos e estiven falando con eles». Os fuxidos souberon do seu comentario, e á noite fórona buscar á cama porque a querían

matar. Juan do Campo pedíralles que a deixaran, que non ía falar máis.

As relacións da veciñanza complicáronse moito, porque ademais destes fuxidos, había milicianos e falanxistas noutras casas, coma o **Tío Gerardo** ou **José Rodríguez**, pai de **Higinio**. Recorda Quinso que os escapados viñeran un día na busca de Higinio: «nosoutros eramos cativos, estabamos xogando, e ao velos vir, asustámonos e sentamos no valado. Un deles díxonos 'nenos! Limpade os mocos', e seguiron onde un grupo de xente que estaba mondando o trigo máis abaixo. Preguntaron por Higinio, pero quen estaba era seu irmán Robustiano, porque el andaba queimando carbón en Viñas. Colleron a Robustiano para que os levara cabo del, pero el foilles dando voltas porque sabía que logo Higinio había marchar para cear na casa. Chegaron ao lugar onde estivera queimando o carbón pero xa non había ninguén, así que lle deron unha pasada a Robustiano que botou días na cama con ela». «Higinio salvouse porque durmiu no bico dun piñeiro», completa Rosa.

Seu pai, **José Rodríguez**, fora miliciano. Matouno Ramiro Carbón, o fuxido antes mencionado. Estaba facendo traballos forzados ao mando de José, que o obrigababa a ir alí. Tiña mala saúde e súa nai estaba cega, así que un día non foi traballar, e ao seguinte José mandoulle coller unha pedra moi grande a el só. Ramiro enfadouse, e matouno por riba da casa ese mesmo día.

Por se fora pouco, en ocasións houbo espías entre os escapados. Lembran a historia dun tenente da Guardia Civil,

que simulara ser un deles e andaba en todas as casas collendo nota. «Un día estaban nunha casa en Lavandeira, e el colleu e fixo como que ía facer as necesidades, e foi ao buxón e meteu unhas cartas», lembra Quinso. «Os outros fuxidos vírono, foron onde o carteiro, mandárono erguer, e abriron o buzón. Viron as cartas, onde informaba de todo, así que o levaron á Fraga e matárono». A nai de Félix e máis unha irmá atoparon o corpo. Ía ser enterrado fóra do cemiterio porque en teoría era un guerrilleiro e non podía ir ao camposanto, pero «chegou unha orde de que non o enterraran aí, que igual era tan santo coma calquera. Levaron o corpo e nunca se soubo o seu nome». «Se non acertan a matalo complicaba moito a todo o vecindario», lembra Moncha. «Nas cartas poñía todo, onde comeran, o que lles deran, quen lles falara, todo».

«Nun sitio tan pequeno, e pasaban tantas cousas», lamentan. «Daquela era así, os veciños non sabían a que xeito se habían virar». Son moitos os lugares que quedaron marcados polas historias da posquerra, como a tenda de Herminia, en Lavandeira, que era tamén escola. Seu home era Joaquín Rodríguez, antes citado, fusilado en Grandal. «Tiveron moito desgusto porque unha filla casara cun guardia civil. Outra filla foi a que quedou coa tenda», lembran.

«Nun sitio tan pequeno,
e pasaban tantas cousas»

A festa

Non todo foi dor en Soaserra; os recordos das festas son numerosos e importantes para os veciños e veciñas.

A festa principal era a festa da patrona, Santa Olaia de Soaserra, que se celebraba o 10 de decembro. Días antes as familias dispoñían os preparativos, xuntaban leña, amañaban para cocer, facían as bolas cos ovos xuntados desde semanas atrás. Preparábase un gran banquete para a familia, no que había empanadas, cocido, carne asada, callos máis recentemente, año ou ovella, e de postre papas de arroz ou bolas de ovo.

O anís dá moito que falar. Ramona recorda que un día lle deixaron a botella do anís a ela e a Margarida, e que beberon tanto que ao día seguinte tiveron resaca.

Será por iso que «quedaba a xente durmir nas casas, aínda que foran de perto», lembran. «A roupa das camas xa estaba amañada desde había días, e había que buscar maneiras para acomodar a ese rabaño de xente». Os cativos e cativas durmían entre pallas.

Despois da comida, falábase e xogábase ás cartas. Logo poñíase para a cea, e igual ao outro día. «O máis divertido era andar logo de casa en casa, que aquí os veciños iamos uns a onde os outros», recordan.

Longos camiños se percorrían para ir ás festas, en ocasións mesmo atravesando o río. Recordan que nel había unha balsa, e que cando estaba na outra beira, sorteaban cunhas pallas quen se mollaba para ila buscar, e remolcar ao grupo todo. Mucha recorda que un día Juan volvía para a casa da festa por Lavandeira arriba, e de frente viña o Pimbo, dos Piñeiros, tamén á festa. «Estaban os dous tan durmidos que bateron un contra o outro e espertaron de vez!», lembra con risa.

Algúns anos fíxose baile en Lavandeira ou una Eira de Juan, nos Durás. O San Roque celebrábase no adro da igrexa. Merendas había en moitas outras festas, coma o San Xoán, tamén ben celebrado na contorna.

> «Ao xefe non lle podías pedir unha semana libre para preparar a parranda»

Hai anos que a Santa Olaia non se celebra. Félix dános a súa visión sobre isto: «antes traballabamos no campo; traballabamos arreo, pero cando era a festa, facías os preparativos cinco días antes. Logo comezamos a traballar en Bazán e en Astano, e ao xefe non lle podías pedir unha semana libre para preparar a parranda. Aí comezou a deixarse de facer a festa nas casas, polo menos así grande como se facía antes».

Veciñas e veciños comendo o xabaril en Soaserra.

Outro festexo importante eran os casamentos, tamén celebrados nas casas. Josefa lembra a voda da súa irmá coma un «loqueo». «Foramos comer á casa do noivo, e logo regresaramos para quedar durmir na nosa. Non houbo onde deitarse, eramos moitos e as casas pequenas!». Recordan con risa un conto que conta a miúdo Chita, outra veciña moi querida: «eu a noite de voda paseina coa Tía Trinidá», en alusión ao moito que había que apretarse para coller nas camas.

Pero quizáis a festa favorita era o antroido, tempo de excesos e bromas. «Comíase tanto coma no patrón, pero eran máis días», lembran. «Sábado iamos á herba e luns tiñamos que volver a ela para pasar o martes». Cocido, empanadas, e unha chea de postres na que destacan os freixós ou filloas e as

orellas. «Non se traballaba nada!». Josefa lembra como sobre a cesta das rosquillas se poñía un burro de masa que se ía cortando para comer.

O antroido ou meco había que facelo, e andaba a parroquia toda con el. «Roubábase dunha casa para outra». Lembra Mucha que un día seu tío fora roubalo, «e logo quíxose esconder nunha casa, pero en vez de entrar na porta da corte foi parar á da cociña e descubrírono».

Disfrazábanse de cara tapada polas casas, e ían cantando e facendo mecadas. Ramona conta rindo a voz que se disfrazou de noivo, e Argemiro, o home de Nieves, de noiva. «Eu co traxe do Tío José Antonio, e el co da voda de Erundina e zapatos de tacón. Subimos polo Pousadoiro arriba. Chegamos ao Pazo, e alí Maruja coñeceu a Argemiro polas pernas, que se parecían moito ás da súa nai».

Ían mozas novas e vellas, todo o mundo misturado, cantando e pasándoo ben.

Falan doutra veciña, María, que todos os anos se vestía mesmo sendo vella. «Seu pai viña todas as noites á nosa casa», lembra Moncha. «Ela veu vestida, traia un bolso con dentes de porco, chaves, todo o que atopou. Ensináballe todo o pai coma quen para que o comprara, e o pai dicía: 'no xeito parece a nosa María, pero a nosa María non é que está moi cansa de traballar'».

Mucha lembra un ano que seu pai se vestiu de pantasma, «pero o susto levouno el». «Un dos de Arda oía ás mozas, e

papá botou unha saba vella pola cabeza e saíulle ao cruce. O de Ardao botou a man e quitou unha arma, e meu pai tirou a saba e díxolle 'quieto, que son eu'. Era un tempo moi crítico, con todo o dos fuxidos».

O día da (nosa) festa.

Epílogo
O día da (nosa) festa

O programa Memoria dun Século rematou en Soaserra cunha unha tarde de encontro cos veciñanza participante e algúns outros veciños e veciñas que se sumaron a esta pequena celebración. Rematamos o día da Santa Olaia, patrona da parroquia, traendo parte do espírito desta festa.

Como polo sentido do gusto tamén se fai memoria, compartirmos e saboreamos viandas que nas casas se cociñaban en ocasións especiais. Na nosa mesa houbo bola de millo con liscos, freixós, chocolate con churros, flan, lambona, empanada, licor de guindas, e outros petiscos cos que festexar e recordar.

Memoria dun século